

Boqueixón di non á violencia de xénero

O Concello de Boqueixón volcouse na conmemoración do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller (25N), cunha programación especial organizada dende o Centro de Información á Muller (CIM). O acto central comprendeu a I Xornada de Sensibilización en Violencia contra a Muller, que congregou a preto de 200 persoas na Casa da Cultura de Camporrapado.

Tres mulleres sobrevivintes á violencia machista faloron sobre as súas experiencias. Uns duros relatos que buscan concienciar sobre a importancia de denunciar este tipo de situacións. Os relatos de M^a Saladina Carrillo Míguez (da parroquia de Gastrar); Noelia Míguez Vázquez (de Boqueixón), e Emily Rodríguez Santos (novelista de Ponte Ulla, no veciño municipio de Vedra) estiveron complementados coa perspectiva profesional de Aroa Mareque Rubio, axente policial da Unidade de Atención á Familia e Muller de Santiago de Compostela (UFAM-Protección) e M^a Susana García Lema, avogada especialista en violencia de xénero.

Paralelamente a esta actividade, o CIM de Boqueixón puxo en marcha a campaña de concienciación *Malva contra a violencia* entre o comercio local con motivo do 25-N. Así, repartíronse bolsas de compra e cartelería entre os distintos establecementos comerciais dos municipios de Boqueixón, Touro e Vedra –



O acto central da programación especial con motivo do 25N foi a I Xornada de Sensibilización en Violencia contra a Muller



Obradoiro para o alumnado de ESO do CPIP Antonio Orza



O CIM desenvolveu unha campaña dirixida ao comercio local



A exposición 'BlasFemia' estará aberta ao público ata o vindeiro 20 de decembro

integrados no CIM-, baixo o lema *Neste local rexeitamos a violencia de xénero.*

A programación especial con motivo do 25N incluíu tamén obradoiros de prevención para estudantes de ESO do CPIP Antonio Orza Couto e a inauguración da mostra fotográfica *BlasFemia*, de Sara Pardo Lareo. A exposición estará aberta na aula de usos múltiples ata o día 20.

Dez siluetas para representar os dereitos dos nenos e nenas no V Pleno Infantil de Boqueixón



Alumnado e profesorado de 5º e 6º de Educación Primaria participante no V Pleno Infantil



Siluetas que se amosaron na sesión para representar os dereitos infantís

O Concello de Boqueixón celebrou o seu V Pleno Infantil. Esta iniciativa, desenvolvida virtude dun convenio asinado con Unicef e organizada polo Departamento de Servizos Sociais, serviu para conmemorar o Día Internacional dos Dereitos dos Nenos e Nenas.

Na sesión, presidida polo alcalde boqueixanés, Manuel Fernández Munín, e pola concelleira de Servizos

Sociais, Ana María Seijo, participaron os escolares de 6º de Educación de Primaria do CPIP Antonio Orza Couto, mentras que os de 5º de EP quedaron de oíntes.

En primeiro lugar, realizaron un repaso aos catro principios sobre os que se establece a Convención dos Dereitos dos Nenos e Nenas: a primacía do interese superior da persoa menor de idade, a garantía de su-

pervivencia, o pleno desenvolvemento e a participación infantil.

Ademais, unha decena de escolares resumiron en 10 os principais dereitos infantís que representaron a través doutras tantas siluetas, que levaron ás súas costas. Estas creacións realizáronse nas aulas utilizando distintas técnicas de manualidades.

Tras esta parte expositiva, o alumnado participante no

Pleno Infantil tamén utilizou a quenda de rogos e preguntas para poñer de manifesto as súas inxerencias. Entre elas, atópanse as peticións de arranxos de marquesiñas no municipio, a mellora de certas zonas deportivas ou a ampliación da biblioteca do CPIP Antonio Orza Couto.

Unhas ideas das que tomaron boa nota tanto o rexedor boqueixanés coma a concelleira.



O programa 'CoidarNos' regresa á USC

O programa *CoidarNos* de Boqueixón protagonizou unha nova xornada formativa na Escola de Traballo Social da USC. As coordinadoras desta iniciativa e catro participantes compartiron as súas experiencias.

Obradoiro de Habilidades Sociais 6º de Primaria e 1º de Secundaria

O Concello de Boqueixón, a través do Departamento de Educación e Cultura, puxo en marcha unha nova edición do seu obradoiro de Habilidades Sociais. A actividade dirixese ao alumnado de 6º de Primaria e 1º de Secundaria do CPIP Antonio Orza Couto de O Forte, na que se tratan distintas

estratexias de comportamento e pautas para desenvolver unha correcta convivencia entre iguais.

A iniciativa conta coa colaboración da Consellería de Sanidade e está integrada no proxecto de Prevención de Condutas Adictivas, no que tamén se inclúen centros educativos de Vedra e Touro.

Excelente acollida á Ruta de Tapas 'Que rico estás Boqueixón' que incorporou os Cantos de Taberna

A oitava Ruta de Tapas *Que rico estás Boqueixón* finalizou a súa andaina rexistrando unha excelente acollida entre a clientela. Unha das actividades que marcou a diferenza con respecto a outros anos foi a incorporación nesta edición dos Cantos de Taberna, que levaron aos seis establecementos hostaleiros participantes as actuacións de cinco agrupacións tradicionais do municipio boqueixanés.

Son de Gaita, Pandereiteiras de Codeso, Re-Voltas, Os Brañas de Lamas e Muxicas de Silveira amenizaron as sesións tanto de mediodía como de noite da VIII Ruta de Tapas *Que rico estás Boqueixón* coa súa animada música.

Mentras soaban as distintas pezas, a clientela

aproveitaba para degustar as distintas tapas, tanto doces como salgadas, presentadas polos establecementos participantes nesta iniciativa. Estes foron Bar-Restaurante O Imprevisto, Casa de Xantar Casa Castro, Cervexería O Vikingo, Bar Záramo, Restaurante Vente Vindo e Restaurante Vía da Prata.

Unha vez compilados os folletos de participación do público, procederase á realización dos sorteos de ata 300 euros. O primeiro será un premio en metálico de 180 euros, aportado pola hostalería participante, e o segundo, un vale regalo por valor de 120 euros para canxear por unha comida ou unha cea no establecemento que resulte gañador desta VIII Ruta de Tapas.



Unha das actuacións dos Cantos de Taberna dentro da VIII Ruta de Tapas

2019 Vive o Camiño
Via da prata

Sábado 28 de Decembro

Boqueixón

- Paseo pola contorna do Pico Sacro**
9:30h - 11:30h
Saída: Parking explanada do Pico Sacro
- Obradoiros**
11:30h Adultos: Memorias de Prata
12:30h Infantil: Xogando coa natureza
Lugar: 2ª Rueda do Centro Social de Lestedo
- Catar o Camiño. Degustación de produtos**
12:30h Baixo do Centro Social de Lestedo

Patrimonio, natureza, gastronomía
nos concellos

Actividades de balde con inscrición previa.
RESERVA PRAZA
de 9:30 a 12:30 h.
ao 722 876 073

XUNTA DE GALICIA Xacobeo 2021 galicia

Cartel anunciador da xornada 'Vive o Camiño' do vindeiro 28 de decembro

Paseo pola contorna do Pico Sacro, obradoiros e catas na xornada 'Vive o Camiño'

O Concello de Boqueixón acollerá o vindeiro sábado 28 de decembro a xornada *Vive o Camiño*. Trátase dunha iniciativa promovida pola Consellería de Cultura e Turismo, en colaboración co Xacobeo, que ten como obxectivo dar a coñecer o patrimonio, a natureza e a gastronomía pasados municipios polos que pasa a Vía da Prata.

As actividades darán comezo ás 09.30 horas cun Paseo pola contorna do Pico Sacro. O punto de encontro será o parking explanada do Pico Sacro e a duración desta proposta será de 2 horas.

Por outra banda, o Centro Social de Lestedo acollerá dous obradoiros. O primeiro deles, baixo o nome *Memorias de Prata*, está dirixido a persoas adultas e terá lugar ás 11.30 horas. O obradoiro infantil, *Xogando coa Natureza*, comezará a partir das 12.30 horas.

A última das propostas será *Catar o Camiño* e prevé unha degustación de produtos locais. Terá lugar ás 12.30 horas no baixo do Centro Social de Lestedo. As actividades son de balde previa inscrición entre os días 23 e 27 de 09.30 a 13.30 horas no teléfono 722 876 073.

Especial



VISITA DE PAPÁ NOEL

Xoves 19 de decembro

Papá Noel visitará a EIM Raíña Lupa, as escolas unitarias e a residencia de maiores.

DANI POLO

Espectáculo de Maxia

Sábado 21 de decembro

18.00 horas

A Casa da Cultura de Camporrapado acollerá o espectáculo 'Enmagaarte' de Dani Polo.

Sesión dirixida ao público familiar.

Entrada de balde.



TORNEO INTERPARROQUIAL DE FÚTBOL SALA

Luns 24 e martes 25 de decembro

Todo o día, Pavillón municipal do Forte

Inscripcións do 10 ao 19 de decembro no ximnasio municipal (636 731 721 / deportes@boqueixon.com).

Sorteo de grupos, venres 20 de decembro no salón de plenos ás 11.00 horas.



BABALUVA TEATRO

Tita, espectáculo teatral sobre intelixencia emocional

Domingo 29 de decembro

12.00 horas

A Casa da Cultura de Camporrapado acollerá o espectáculo 'Tita'. Público infantil (+3 anos).

Entrada gratuíta.



el Nadal

NADAL ACTIVO

23, 26, 27 e 30 de decembro e 2, 3 e 7 de xaneiro

Espazo lúdico-educativo para a conciliación da vida laboral e familiar nas instalacións do Forte.

Dirixido a nenos e nenas de Infantil e Primaria.

Entrada: 09.00 a 10.00 / Saída: 13.30 a 14.00 h

Requírese grupo mínimo

Custo: 20 euros


Días soltos: 4 euros por día

Descontos:

2º fillo/a na mesma actividade: 25%

3º fillo/a e sucesivos: de balde

Inscripcións ata o 16 de decembro no CIM de Boqueixón: 981 513 061 / cim@boqueixon.com.



TARDE DE REIS

Domingo 6 de xaneiro

A partir das 17.00 horas no polideportivo do Forte

Xornada chea de diversión para toda a familia. Boqueixogo, con inchables variados, xogos tradicionais e outras sorpresas.

Chegada dos Reis Magos

Melchor, Gaspar e Baltasar chegarán ao polideportivo e repartirán agasallos para nenos e nenas de 0 a 12 anos.

Haberá chocolate con churros para as persoas asistentes a esta Tarde de Reis! Colabora SBC.



Melloras na EIM Raíña Lupa cunha axuda da Xunta con Fondos Feder

A Escola Infantil Municipal (EIM) Raíña Lupa de Boqueixón mellorará os seus equipamentos a través dunha axuda cofinanciada pola Consellería de Política Social con Fondos Feder. Esta permitirlle mellorar a atención ao alumnado de 0 a 3 anos que acude a este centro escolar. O proxecto ten unha partida de 11.998 €.

Así, este montante permitirá a incorporación, entre outros materiais, de dúas pizarras dixitais e dúas computadoras portátiles. Ademais, sumarase diverso material educativo de innovación tecnolóxica e sensorial, así como elementos de xogo simbólico e múltiples contos e puzzles táctiles.

A maiores, colocárase un elemento de psicomotricidade para alumnado dende 24 meses, ademais de mobiliario complementario de almacenamento e unha mesa de educadora para a aula de bebés.

A titora da Unitaria de Sergude, candidata a Mellor Docente 2019

"Isto é un soño feito realidade. Nunca imaxinei que podería optar aos Premios Educa Abanca á Mellor Docente de España dentro da categoría de Educación Infantil". Así de emocionada amosouse Ariana Álvarez Fernández, titora da Escola Unitaria de Sergude, pertencente ao CRA Boqueixón-Vedra, tras ser coñecedora da súa candidatura a estos galardóns nos que compite con outros 22 profesionais de toda España.

A súa candidatura foi presentada polas nais e pais da Escola Unitaria de Sergude. "Para min foi toda unha sorpresa... Un xeito que eles e elas teñen de amosarme o seu cariño. Para min, este é o mellor regalo do mundo", afirma.

Ariana Álvarez leva exercendo de titora da Escola Unitaria de Sergude dende hai seis anos. Chegou a este centro despois de traballar en Centros de Educación Infantil e Primaria... "Dar o salto á escola rural supuxo para mín todo un



Ariana Álvarez posando co seu alumnado da Escola Unitaria de Sergude

reto, pero non o mudaría por nada do mundo", asegura esta profesional.

"A relación tanto profesional como persoal coas familias é moi intensa. Xérase un vínculo que non se ten noutro tipo de centros", indica. Na actualidade, ten 18 escolares ao

seu cargo na Unitaria de Sergude, con idades comprendidas entre 3 e 5 anos.

No tocante ás propias clases, Ariana Álvarez defende a calidade do ensino das escolas rurais, dada a riqueza que se acadada en grupos heteroxéneos como os que ela coordina.



Integrantes de Protección Civil e autoridades, tras a entrega de Medallas

25 anos da Agrupación de Protección Civil de Boqueixón

A Agrupación de Protección Civil de Boqueixón cumpríu as súas vodas de prata e celebrouno recibindo unha das máis altas condecoracións da Asociación Nacional de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil de España: a Medalla de Ouro.

A Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de

Boqueixón foi rexistrada o 20 de abril de 1994 e na actualidade conta cunha vintena de persoas voluntarias. Entre os operativos máis salientables nos que participaron atópanse tanto o dispositivo preventivo con motivo da visita do Papa Juan Pablo II e os labores desenvolvidos tras o accidente de Angrois.

O Ciclo de Teatro de Outono do Concello de Boqueixón conquista de novo ao público

O Ciclo de Teatro de Outono do Concello de Boqueixón iniciou unha nova edición centrada nas artes escénicas cun amplo programa de actuacións. Pensadas principalmente para todos os públicos, as distintas sesións están a conquistar á veciñanza.

A xornada máis multitudinaria rexistrou un cheo total na Casa da Cultura de Camporrapado coa asistencia de arredor de 200 persoas. O público sorprendese, ao tempo que reflexionou sobre unha dura realidade social como a violencia de xénero, a través da obra *Invisibles*, representada pola compañía Redrum Teatro.

O Ciclo de Teatro de Outono do Concello de Boqueixón foi inaugurado polo Grupo de Teatro Licor Café, que puxo en escena a peza *Rosenda, unha criada indecente*. Unha obra que contou coa colaboración do Club de Maiores. A esta sesión acudiron arredor dun cento de persoas.

Tamén esta mesma afluencia rexistrouse na



A posta en escena da obra 'Invisibles' da compañía Redrum Teatro congregou arredor de 200 persoas asistentes



Actuación de Teatro Charamela de Melide



A sesión inaugural correu a cargo do Grupo de Teatro Licor Café

sesión protagonizada por Teatro Charamela de Melide, que fixo as delicias do público asistente coa posta en escena da súa obra *Poder ser calquera...*

A programación do Ciclo de Teatro de Outono, de-

envolvido grazas ao apoio da Deputación da Coruña, continuará o domingo 8 de decembro co salto ao escenario do Club de Maiores de Boqueixón e a súa obra cómica *Urxencias*.

Concluirá a programa-

ción o sábado 14 ás 19.00 horas. Porase en escena de *Criaturas* de Roberto Vidal Bolaño. Unha peza teatral dirixida a público maior de 12 anos que será interpretada polo Grupo de Teatro do Concello de Ames.

Recta final das 'Feiras Activas' cos 'Xogos Paporrubio'

O Concello de Boqueixón continuou co seu programa de dinamización dos mercados dominicais *Feiras Activas* cunha actividade dirixida ao público familiar no Campo da Feira de Lestedo. Nenos e as nenas foron os que máis gozaron da sesión organizada por Urdime Propostas Culturais e os seus *Xogos Paporrubio*.

As propostas das *Feiras Activas* continuarán este domingo 8 no Campo da Feira de Rodiño (12.30 horas) co espectáculo *Circa-nelo*. Finalizarán o domingo 15 en Lestedo (12.30 horas) coas actuacións das agrupacións musicais Estralampo e Loira, pertencentes á Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio.



Un intre das propostas lúdicas dentro das 'Feiras Activas', en Lestedo

AXENDA DO MES DE DECEMBRO

Domingo
8

Ciclo de Teatro de Outono'19: Club de Maiores de Boqueixón

Casa Cultura Camporrapado
17.30 horas
Entrada de balde
Pase da peza *Urxencias*, apta para todos os públicos.

Sábado
14

Ciclo de Teatro de Outono'19: Grupo de Teatro de Ames

Casa Cultura Camporrapado
19.00 horas
Entrada de balde
Representación de *Criaturas*, de Roberto Vidal Bolaño, peza dirixida a público maior de 12. Colabora a Deputación Coruña.

Domingo
15

Feiras Activas. Actuación dos grupos Estralampo e Loaira

Campo da Feira de Lestedo
12.30 horas
Entrada de balde

Inscripcións

Ata
16

Nadal Activo

23, 25, 27 e 30 decembro e 2, 3 e 7 xaneiro
Instalacións de O Forte
09.00 a 14.00 horas
Custo: 20 euros
Días soltos: 4 euros
Desconto do 25% por 2º fillo/a na actividade. 3º fillo/a e sucesivos, de balde.
Espazo lúdico educativo para a conciliación da vida familiar e laboral dirixido a escolares de Educación Infantil e Primaria.
Inscripcións, no CIM de Boqueixón.

Martes
17

Unidade Móbil de Doazón de Sangue

Camporrapado (diante do centro de saúde)
De 09.30 a 14.30 horas.

Martes
17

Curso de formación para asociacións sobre a Plataforma Subtel

Casa do Concello

De 18.00 a 20.00 horas Formación de balde

Sesión para informar sobre o funcionamento e as vantaxes da plataforma Subtel para a tramitación de axudas da Deputación da Coruña.
Inscripcións, Dpto. de Cultura.

Mércores
18

Unidade Móbil de Doazón de Sangue

Camporrapado (diante do Bar Nervioso)
De 16.00 a 21.00 horas.

Xoves
19

Visita de Papá Noel

EIM Raíña Lupa, Escolas Unitarias e a residencia

Xoves
19

Unidade Móbil de Doazón de Sangue

Lestedo (diante de Abanca)
De 15.30 a 21.00 horas.

Ata
20

Exposición *BlasFemia*, de Sara Pardo Lareo

Aula de usos múltiples
De luns a venres en horario de 09.00 a 14.30 horas
Entrada de balde
Mostra fotográfica con motivo do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller (25N).

Sábado
21

Maxia: Dani Polo con 'Enmagiarte'

Casa da Cultura de Camporrapado
18.00 horas
Entrada de balde
Espectáculo de maxia dirixido a público familiar.

24 e
25

Torneo Interparroquial de Fútbol Sala

Pavillón Municipal do Forte
Todo o día
Inscripcións ata o día 19 no ximnasio municipal (636 731 721/deportes@boqueixon.com). Sorteio de grupos, venres 20 ás 11.00 horas no salón de plenos.

Sábado
28

Programa 'Vive o Camiño' - Vía da Prata

Parroquia de Lestedo
Actividades de balde
De 09.30 a 11.30 horas: Paseo pola contorna do Pico.
11.30 horas: obradoiro 'Memorias de Prata', dirixido a público adulto.
12.30 horas: obradoiro 'Xogando coa Natureza', dirixido a público infantil.
Ambos obradoiros terán lugar no 2º Andar do centro Social de Lestedo.
12.30 horas: 'Catar o Camiño'. Degustación de produtos no CS de Lestedo.
Reserva de prazas, do luns 23 ao venres 27 (excepto festivos): 722 876 073.

Domingo
29

Teatro Babaluva presenta a obra *Tita*

C. Cultura Camporrapado
12.00 horas
Entrada de balde
Espectáculo teatral sobre intelixencia emocional. Colaboran Deputación provincial da Coruña e Concello Santiago.

e en xaneiro...

2, 3
e 7

Nadal Activo

Instalacións de O Forte
09.00 a 14.00 horas
Programa de conciliación dirixido a nenos e nenas de Infantil e Primaria.

Luns
6

Tarde de Reis

Polideportivo do Forte
A partir das 16.30 horas
Entrada de balde
Actividades para toda a familia. Boqueixogo: inchables, xogos tradicionais e obradoiros de distinto tipo. Visita dos Reis Magos que repartirán agasallos á cativada de 0 a 12 anos.

Máis información e inscricións: Centralíña: 981 513 061 concello@boqueixon.com CIM: 981 513 061 cim@boqueixon.com Cultura: 981 513 115 cultura@boqueixon.com Dto. Local e Turismo: 981 513 061 boqueixonturismo@gmail.com